

O DEPORTE CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

A violencia contra as mulleres, nas súas distintas formas, é un dos problemas estruturais máis graves aos que se enfronta calquera sociedade democrática. O maltrato, o abuso e o acoso sexual, as agresións de calquera tipo, o tráfico de mulleres e nenas, as violacións ou as discriminacións por razón de xénero son manifestacións contra a liberdade das mulleres e, en consecuencia, un atentado contra os dereitos humanos fundamentais de calquera persoa.

O deporte é un reflexo da sociedade e non vive alleo a esta realidade que nos implica a todas e a todos. Por iso, debe poñer ao dispor desta loita os seus medios para facilitar a promoción da igualdade e erradicar as múltiples formas de violencia contra a muller.

A actividade física e o mundo do deporte en xeral son instrumentos idóneos para poñer en valor a importancia deste ámbito como unha ferramenta indispensable para a loita pola igualdade e o non á violencia de xénero ao ser, en si mesmo, un motor de cambio que inculca valores como a tolerancia e o respecto, a valorización da diversidade, o compañeirismo e a solidariedade. É a través do deporte como se pode chegar a gran parte da sociedade e implantar novos modelos que nos representan mellor a todas e a todos, aínda que cómpre recoñecer que segue a ser unha das esferas nas que se detectan tamén fendas de xénero.

O deporte é moito máis que unha actividade física. O deporte é un instrumento social, un lugar de encontro, un mecanismo de evasión, unha fonte de saúde, unha terapia psicolóxica e, para moitos, un medio de vida. Promover, fomentar, regular, ordenar e impulsar a práctica deportiva na Comunidade Autónoma de Galicia son competencias da Administración autonómica e un obxectivo prioritario e irrenunciable para a Xunta de Galicia. Grazas a moitas das campañas realizadas desde o Goberno galego, as licenzas deportivas femininas aumentaron desde 2009 en máis dun 30%. Sabemos que aínda queda moito traballo por facer para acadar esa igualdade efectiva entre mulleres e homes, pero tamén sabemos que estamos no camiño correcto.

Somos conscientes dos últimos avances levados a cabo, da implicación de todas e de todos na promoción da igualdade, e dos fitos que estamos a traballar e que están por vir, como a nova lei de igualdade autonómica, que incluírá por primeira vez un artigo dedicado ao deporte para seguir promovendo a igualdade creando e adaptando as infraestruturas, fomentando a implicación da infancia ou desenvolvendo accións de concienciación e sensibilización para que a participación e a representación de mulleres e homes sexa equilibrada.

E para promover a equidade no ámbito deportivo, garantindo os dereitos das mulleres e posibilitando o seu acceso e desempeño en igualdade de condicións que os seus compañeiros homes en todas as esferas do mundo deportivo (actividade física e deporte, práctica deportiva, adestramento, arbitraje, dirección, xestión e formación), as persoas e entidades asinantes comprométense a:

- Promover a igualdade no ámbito deportivo e a erradicación da violencia contra a muller por parte de todo o tecido deportivo galego: federacións, clubs e deportistas.
- Empregar as posibilidades que ofrece o ámbito deportivo para transmitir o rexeitamento á violencia contra a muller e o compromiso para a promoción da igualdade de oportunidades; coa finalidade de superar os prexuízos e estereotipos que aínda a día de hoxe imposibilitan a igualdade real e efectiva neste eido.
- Incluír a perspectiva de xénero e o principio de igualdade de oportunidades en todas as políticas de xestión da actividade física e o deporte.
- Garantir a formación con perspectiva de xénero das e dos profesionais da actividade física.
- Traballar na incorporación da interseccionalidade de xénero, un concepto directamente vencellado coa discriminación múltiple, nas distintas actividades e prácticas deportivas, así como nas formacións que reciban as e os profesionais de dito ámbito.
- Fomentar o emprego de estratexias coeducativas no ámbito deportivo, garantindo a participación de mulleres e homes en todo tipo de actividades con carácter permanente.
- Facilitar o acceso e promoción das mulleres no deporte de competición, favorecendo a súa incorporación e recoñecemento deportivo e social.
- Fomentar e reflectir nos medios de comunicación unha imaxe positiva das mulleres no deporte, exenta de estereotipos de xénero.
- Establecer canles seguras e accesibles para a denuncia de todo tipo de violencia ou discriminación que sufra a muller no ámbito deportivo, ben por vía directa (a propia persoa afectada) ou por vía indirecta (persoa ou persoas que teñan constancia dun acto violento contra unha muller).